

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

• **ADIVIÑA ADIVIÑANZA...**


A continuación, déixovos unha adiviña. Os pasos para facer a proposta serán os seguintes:

1. **Escribir** ou imprimir a adiviña. E escribir os guións que están debaixo da adiviña para que escriban a palabra.
2. Os nenos intentarán **lela** e **adiviñala**. Darédeslle como **pista** que a solución é unha palabra relacionada coa primavera.

Os que teñan dificultades, lerán as seguintes palabras: **CAMPO**, **CORES**, **AIRE** e **OLORES**, cos criterios que vos teño dito en anteriores propostas.

3. Escribir a **palabra** da solución.
4. **Debuxar** a solución.

ALEGRAN O CAMPO
COAS SÚAS CORES
PERFUMAN O AIRE
COS SEUS OLORES.



(A solución é: FLORES)

• MÓBIL PRIMAVERA

Imos crear un móbil colgante para que a primavera chegue aos nosos fogares.

Para iso:

- 1) En primeiro lugar sería bo que vendo o pdf de imaxes (adxunto coas propostas do venres 27 de marzo), lembredes as características e elementos máis destacados desta estación.
- 2) Pensade e anotade nunha folla todas as figuras representativas da primavera que queirades que aparezan no voso móbil.
- 3) Decidide que materiais ides empregar para construílas.
- 4) Mans á obra.

Para facer o móbil podedes marcar a silueta das figuras que decidistes representar nunha cartolina ou folla, recortarlás e finalmente decoralas. Podedes empregar todo aquilo que teñades á man e sirva. Lembrade que unha idea estupenda é botar man do material de refugallo para darlle unha nova utilidade.

Cando todas as figuras do mobil estén listas só quedará poñerlles un fío ou lá e colgalas dunha base que pode ser unha percha, un pau, un trozo de cartón,...

Aquí vos deixamos algún exemplo por se vos serve de axuda:








• UNHA EIRUGA MOI LARPEIRA

No seguinte enlace atoparedes o vídeo deste conto:

https://www.youtube.com/watch?v=IHVnx9Dzy_s

Finalizado o visionado do conto propoñémosvos facer as seguintes tarefas:

- **Comentar o conto:** de onde naceu a eiruga? Por que lle doía a barriga? Que cousas comeu? Que teceu a eiruga? En que se convertiu ao final do conto?
- **Asociar cada alimento co número correspondente.** Para iso:
 - Podedes imprimir as tarxetas que aparecen a continuación ou ben facelas vós.
 - Deberán recortar os debuxos e os números.
 - Finalmente teñen que asociar cada número co alimento correspondente atendendo ao que dicían no conto.



1

2

3

4

5

➤ Eirugas co nome


Na seguinte actividade propoñémosvos crear eirugas con nomes.

Para facelas tan só precisaredes lapis, cores e papel.

Como as faremos?

- 1) Debuxar un círculo con ollos, boca e antenas (será a cabeza da eiruga).
- 2) Contar cantas letras ten o noso nome e debuxar tantos círculos como letras teña (estes serán o corpo da eiruga).
- 3) Escribir en cada circulo do corpo da eiruga, de xeito ordenado o noso nome.
- 4) Facer o mesmo co nome dalgúns compañeiros ou familiares.

Aquí vos deixo a que fixen eu:




Para que lles sexa máis doado trazar os círculos poden empregar algún obxecto circular que os axude como un vaso.

Unha vez tedes as eirugas con nomes veremos cal é máis longa, máis curta, cantas letras máis ten esta e estoutra cantas menos, cales son iguais.

➤ **Atopa o instruso**


Na seguinte proposta teñen que buscar cal é o elemento diferente en cada unha das ringleiras deste cadro.



El Revolero Mundo de Rukkia



<http://elrevoleromundoderukkia.blogspot.com.es/>



Solo para uso personal. No comercial

RUKKIA



Poden facelo directamente. Tamén poderdes debuxarlle vós algo parecido para que busquen o elemento diferente.

➤ **Reto da eiruga veloz**

Para realizar o reto primeiro deberedes crear a eiruga cun papel tal e como nos indican no seguinte vídeo.

<https://www.youtube.com/watch?v=masXl2h3qt0>

Unha vez a teñades lista, soprando cunha palliña sobre ela, deberedes facer que camiñe para chegar á meta que lle marquedes (tal e como se ve no vídeo anterior).

Tamén poderdes facer varias eirugas e xogar a botar carreiras entre vós, igual que fai Fina con Daniel no vídeo que atoparedes adxunto a este documento.

- **FIN MINI PROXECTO PRIMAVERA...**

Deberedes descargar o vídeo "VÍDEO FLOR" que vai adxunto con este documento. Aí vai a explicación da actividade, coa que daremos fin ao mini proxecto da primavera. Espero que vos gustara e que disfrutáades.